

5. Educación

5.1 Reserva de prazas

- ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinso de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En todo caso para escolarizar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, deberá reservar tres postos escolares por unidade, nos seguintes cursos: 4º de educación infantil, 1º de educación primaria e 1º de educación secundaria obrigatoria.

- **Universidades:** 5% das prazas dispoñibles para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, así como para aqueles estudantes que presenten necesidades educativas especiais permanentes derivadas de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior haxan precisado de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa.

- **Ciclos formativos de grao medio e superior:** reserva dun mínimo do 10% e un máximo do 20% das prazas de cada ciclo que se imparta nos centros públicos e nos centros privados concertados para o alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

5.2 Becas

O alumnado que curse as etapas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica, Bacharelato e Formación Profesional poderá acceder a bolsas en concepto de material curricular, comedor, transporte, residencia escolar e Educación Especial.

Cada curso escolar publícase a convocatoria correspondente na que se recollen os requisitos e condicións dos solicitantes, o importe, os prazos e o procedemento de solicitude.

Ademais, todos os anos o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte convoca bolsas para o Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.

5.3 Programas de Cualificación Inicial de Formación Profesional dirixidos a persoas sen cualificación profesional ou con necesidades educativas especiais

Orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinado ao alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de Discapacidade ou trastornos graves de conduta que teñan cursada a escolarización básica en centros ordinarios ou en centros de educación especial, co fin de facilitar a súa inserción laboral.

a) Ofertas específicas de programas de cualificación profesional inicial para o alumnado con necesidades educativas especiais que non poidan conseguir os obxectivos da educación obrigatoria, destinadas a facilitar a integración social e laboral deste tipo de alumnado, de acordo co establecido na disposición adicional primeira desta orde.

Cando as necesidades de apoio específico así o xustificuen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar o programa de cualificación profesional inicial de forma fragmentada por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral ou, excepcionalmente, de forma fragmentada no tempo cunha ampliación a dous anos e mantendo a carga semanal prevista para o conxunto de módulos para cada curso académico.

O número máximo de alumnos e alumnas matriculados no primeiro curso dun programa de cualificación profesional inicial e nos módulos profesionais do segundo curso do réxime integrado será de quince. Para estes efectos, o alumnado con necesidades educativas especiais computará dobre.

5.4 Universidade e outros estudos. Exención de taxas

- Universidades.
- UNED.
- Escola Oficial de Idiomas.
- Centros autorizados de música, danza, deportes, e superiores de deseño.